



A Consellaría engana o profesorado ao incluír na negociación docente fondos derivados do acordo retributivo de Madrid

Así o confirmou a propia Consellaría na fase final da negociación e no propio texto entregado coa última proposta e así o demostra un estudo realizado pola CIG-Ensino.

No acordo asinado polo goberno do PP e os sindicatos estatais establecíase que as diferentes administracións poderían aprobar subas salariais para o seu persoal dun 0,3% da masa salarial total nos anos 2018, 2019 e 2020. A CIG-Ensino xa rexeitou rotundamente esta imposición centralista e agora critica a Consellaría por converter nunha fraude a negociación das retribucións docentes. De feito, coa suba de 10 euros de outubro a decembro deste ano, a Xunta aforraríase case 80 euros por docente só no ano 2018.

A Consellaría de Educación e a Xunta de Galiza confírmanse como auténticas sucursais de Madrid e demostran unha actitude mesquiña co seu profesorado. Tal e como se coñeceu na Mesa Sectorial e xa denunciou a CIG-Ensino, ademais do veto a abrir a negociación a calquera cuestión que non fora a situación salarial do profesorado galego no ranking dos territorios do Estado, as contías da proposta económica da Consellaría estaban marcadas de antemán, polo que tampouco neste aspecto existiu unha negociación real, senón unha escenificación de cara á galería.

Confírmase así que **a decisión da Xunta foi sempre utilizar a suba salarial do 0,3% da masa salarial para cubrir o incremento retributivo do colectivo docente**, impedindo, deste xeito, que o diñeiro vinculado ao 0,3% polda acumularse ao incremento que se negocia en concepto de homologación do resto do profesorado do Estado.

Así pois, a Consellaría durante todo este tempo estivo “negociando” cunha partida que xa formara parte doutra negociación previa, no marco da Mesa estatal, e que xa estaba pechada. Este sometemento ao que determina o Ministerio de

Facenda contraponse con outros acordos salariais asinados recentemente por outros colectivos de funcionariado público que, en ningún caso, se cinguiron a este tope do 0,3%, tanto en Galiza como noutras administracións do Estado.

A Xunta negocia dúas veces cos mesmos cartos e dálle a gañar

Sen embargo, a actitude da Consellaría aínda vai máis aló do sucursalismo, xa que a súa proposta de suba salarial (**80 euros distribuídos en catro prazos: 10 euros de outubro a decembro deste ano, 15 en 2019, 25 en 2020 e 30 en 2021**) non chega sequera en 2018 a esa limitación do 0,3% da masa salarial total anual. Segundo datos oficiais dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galiza, para este ano a suba de 40 euros en total (se se abonan íntegros os 10 euros na paga extra de Nadal) **quedaría case 80 euros por debaixo dos 119,54 euros que supón o 0,3% da masa salarial total anual e** que se lle poderían subir a cada docente galego de acordo co acordo asinado en Madrid. No 2018 a Xunta aforra cartos coa proposta.

Os datos para os vindeiros dous anos tampouco son moi diferentes. A contía vinculada ao 0,3% en 2019 sería de 122,23 euros anuais de suba para cada docente. Se lle engadimos os preto de 80 que non vai gastar este ano suman 201,77 euros. A proposta da Xunta de 15 euros no 2019 implica que **tan só pon a maiores 8,23 euros anuais máis para cada docente** da cantidade fixada no acordo de Madrid.

Se estendemos o cálculo até o ano 2020, e partindo que neste período de tempo os fondos adicionais son comúns a todo o persoal público do Estado, o montante total que se pode considerar propio dunha

proposta de homologación é de 233,23 euros desde outubro de 2018 a decembro de 2020, o que supón **unha media de de 8,23 euros mensuais**. Iso é que destina a Consellaría á hipotética homologación.

As contas non poden ser máis claras. É unha estafa.

Non só estamos diante de cantidades totalmente insuficientes. Tamén falamos de **negociar dúas veces cos mesmos fondos e de impedir que varios acordos salariais poidan acumularse**. O feito de que o uso deses fondos adicionais só aparece no último documento é boa mostra da fraude na negociación e, como mantivo a CIG-Ensinio desde o comezo das reunións, é imposíbel que contribúan non xa a recuperar o poder adquisitivo perdido nestes anos de recortes nin todo o que nos foi roubado senón sequera a acadar unha equiparación co resto do profesorado do Estado.

CONCLUSIÓNS DO ESTUDO DA CIG-ENSINO

- 1. No ano 2018 a proposta de acordo retributivo docente non só non implica ningunha achega específica da Consellaría senón que **“aforra” case 80€**.
- 2. No ano 2019 (contando co aforro dos 80€ do ano 2018) a contía relacionada co persoal docente é de **8,23 ANUAIS**.
- 3. Por tanto, o acordo non garda ningunha relación coa suposta “homologación” docente durante todo o 2018 e 2019, xa que **as contías do 0,3% xa figuraban no acordo de Madrid**.
- 4. Tendo en conta que os fondos adicionais do 0,3% son comúns a todo o Estado os únicos cartos que poden considerarse como propios dunha equiparación co resto do profesorado do Estado son (desde outubro de 2018 a decembro de 2020) **233,23€ en total**, o que supón **unha media de 8,32€ mensuais nesas mensualidades**.

Anos	Proposta da CONSELLARÍA para o persoal docente. Incremento ANUAL	Contía ANUAL equivalente ao 0,3% de fondos adicionais do acordo de Madrid incluída na proposta e que se impide que poda aplicarse a maiores do acordo docente	Diferenza anual
2018	€40	€119,54	-79,54
2019	€210	€122,23	87,77
2020	€350	€124,67	225
2021*	€420		
* O acordo de Madrid remata no 2020 polo que non se fai ningún cálculo do 2021	As contías referidas ao 0,3% da masa salarial** forman parte dos fondos adicionais vinculados ao acordo retributivo estatal. Estas contías non están relacionadas coa “homologación” co resto do profesorado do Estado e a CIG-Ensinio defende que non sexan absorbidas polo acordo docente, ao igual que aconteceu en acordos anteriores, como o do ano 2006, e que contou coa sinatura da CIG-Ensinio, así como acordos recentes noutros corpos do funcionariado.		
	** A masa salarial é o total de retribucións brutas que figuran nos orzamentos da Xunta para o persoal docente. No ano 2018 son 1.178.667.107 para un total de 30.098 docentes. A esta cifra hai que engadirlle a suba prevista para cada un dos anos afectados polo acordo de Madrid (2018 a 2020) así como o índice de variación anual.		

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal